CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>62.- ROTFE | | |
| Documento<br>CON11I1DF | Expediente<br>CON/36/2017 | |

15078DCON11I1DF*

# ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque de Pablo Iglesias.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 65.900 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 19 de outubro de 2017, ás 10.30 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidenta:** D. Xan Duro Fernández.

**Vogais:** Dª Noa Morales Sánchez, representante do grupo CA.
Dª María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muíños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Gregorio López Albardonedo, xefe de parques e xardíns.
Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Iñaki Bilbao, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

**OFERTAS PRESENTADAS:**

| NÚMERO DE ORDE | DATA DE PRESENTACIÓN | NÚMERO DE REXISTRO | NOME DO LICITADOR |
|---|---|---|---|
| 1 | 13-10-2017 | 45.228 | B15081847 CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. |
| 2 | 13-10-2017 | 45.249 | B60961554 LAPPSET ESPAÑA VR S.L |
| 3 | 16-10-2017 | 45.587 | A58620808 HPC IBERICA S.A. |
| 4 | 16-10-2017 | 45.605 | B94106663 ZONA DE OBRA O ROSAL S.L.U. |
| 5 | 16-10-2017 | 45.606 | B70329321 OIZONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL |

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos eles apórtana correctamente cumprimentada.

A continuación procédese á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adxudicación non avaliables mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos resultando que todos eles aportan a documentación requirida polo prego.

A empresa CONSTRUCCIONES CERNADAS, sen embargo, acompaña tan só unha copia da documentación en formato CD, cando o prego esixe dúas, requisito este perfectamente subsanable, polo que se lle concede un prazo de tres días para que subsane esta deficiencia formal.

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador.

Ás 10.50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O PRESIDENTE DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS MUNICIPAIS — CONCELLO DE SANTIAGO

**O SECRETARIO DA MESA**

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>62.- ROTFE | | |
| Documento<br>CON11I1DF | Expediente<br>CON/36/2017 | |

15078DCON11I1DF*

## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque de Pablo Iglesias.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 65.900 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 14 de novembro de 2017, ás 11:11 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vogais:**
D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Gregorio López Albardonedo, xefe de parques e xardíns
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

En primeiro termo, o secretario da mesa da conta da subsanación da deficiencia observada na proposta da empresa CONSTRUCCIONES CERNADAS SL, que presentou correctamente e en prazo unha segunda copia da súa documentación en formato CD.

A continuación, a mesa de contratación procede ó exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación non avaliables mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Este informe acompáñase a esta acta e conta co voto favorable de todos os membros da mesa, que se amosan conformes co seu contido e conclusións.

Do mesmo resulta que as empresas CONSTRUCCIONES CERNADAS SL, ZONA DE OBRA O ROSAL SLU e OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL, non cumpren o taxativo requerimento do prego técnico de aplicación, que no seu punto 5 sinala que *"os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumplimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respeto medioambiental ISO 14001"*, en concordancia co criterio 2 dos definidos no prego de cláusulas administrativas como non avaliables mediante cifras, que determina que será nesta fase onde se presenten *"os correspondentes documentos de características técnicas do fabricante"*. Polo tanto, e de conformidade co informado, a mesa acorda a súa exclusión da licitación.

Ás 11:15 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

## ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque de Pablo Iglesias.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 65.900 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 21 de novembro de 2017, ás 9:11 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández

**Vogais:** Dna. Marta Lois, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Gregorio López Albardonedo, encargado de parques e xardíns.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten representantes das empresas LAPPSET ESPAÑA VR SL e ZONA DE OBRA O ROSAL SLU.

En primeiro termo, o secretario da mesa da traslado ó publico asistente do nome das empresas presentadas, das excluídas na primeira fase de revisión e valoración da documentación técnica e da puntuación obtida polas admitidas.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliables mediante cifras dos dous licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

| Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) | Mellora servizo de mantemento | Mellora ampliación do prazo de garantía |
|---|---|---|---|---|
| 1 | LAPPSET ESPAÑA VR S.L | 65.893,60 | 3 anos | 3 anos |
| 2 | HPC IBERICA S.A. | 63.452,34 | 3 anos | 3 anos |

En consecuencia, quén acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta máis vantaxosa das presentadas é o licitador HPC IBERICA SA.

Polo tanto, a mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES CERNADAS SL, ZONA DE OBRA O ROSAL SLU e OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL, por non cumprir o taxativo requerimento do prego técnico de aplicación, que no seu punto 5 sinala que *"os fabricantes dos xogos deberán acreditar o cumplimento da normativa de calidade ISO 9001 e de respeto medioambiental ISO 14001"*, en concordancia co criterio 2 dos definidos no prego de cláusulas administrativas como non avaliables mediante cifras, que determina que será nesta fase onde se presenten *"os correspondentes documentos de características técnicas do fabricante"*.

**SEGUNDO:** Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador HPC IBERICA SA,

que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de **63.452,34 euros** IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da garantía definitiva, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O PRESIDENTE DA MESA**

**O SECRETARIO DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVIZOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia<br>CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>62.- ROTFE | | |
|---|---|---|
| Documento<br>CON11I1DF | Expediente<br>CON/36/2017 | |

CONCELLO DE SANTIAGO

15078DCON11I1DF*

# ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque de Pablo Iglesias.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 65.900 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 19 de decembro de 2017, ás 9:35 horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Xan Duro Fernández.

**Vogais:** D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muiños, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Gregorio López Albardonedo, xefe de parques e xardíns.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral muncipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, HPC IBERICA SA, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:37 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O PRESIDENTE DA MESA**

DURO FERNANDEZ XAN XESUS - 32774156F

Digitally signed by DURO FERNANDEZ XAN XESUS - 32774156F
DN: c=ES, serialNumber=32774156F, sn=DURO FERNANDEZ, givenName=XAN XESUS, cn=DURO FERNANDEZ XAN XESUS - 32774156F
Date: 2017.12.20 12:36:20 +01'00'

**O SECRETARIO DA MESA**

Firmado por OTERO FERREIRO ROMAN - 33281132V el día 20/12/2017 con un certificado emitido

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO